



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TRAVÉS DA MODALIDADE CONTRACTUAL DE SERVIZO DETERMINADO E ATA O 18 DE DECEMBRO DE 2012, DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE MEDIO AMBIENTE PARA O CONCELLO DO BARCO

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado e a xornada completa, dun/dunha Técnico/a de Medio Ambiente que se encargará do mantemento da Primeira Certificación ISO 14001:2004 durante o seu período de vixencia, mediante a realización de auditorías no Sistema de Xestión Ambiental.

A duración do presente contrato será polo tempo de vixencia da Primeira Certificación do Sistema de Xestión Ambiental concedida por Bureau Veritas a este concello, conforme a norma ISO 14001:2004, con data de finalización o 18/12/2012, quedando rescindida nese momento a relación laboral co concello a todos os efectos, podéndose cancelar con anterioridade no suposto de non manterse as condicións de aplicación do Sistema de Xestión.

Durante o tempo de vixencia do contrato tamén se encargará do desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda 21 Local, que ten implantada este concello, por estar ambas actuacións, Sistema de Xestión Ambiental e Axenda 21 Local, ligadas en termos ambientais e de desenvolvemento sostible. No Anexo III das presentes bases descríbense de forma máis detalladas as funcións a desenvolver por dito/a profesional.

No contrato establecerase un período de proba de 4 meses, sendo motivo de extinción do mesmo o non superalo.

A retribución bruta será a mesma que a percibida por persoal contratado o ano pasado coa mesma categoría profesional e ocupación, ascendendo a 1.793,68 €/mes (1.537,44 € de salario e 256,24 € de paga extra).

2.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
5. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
6. Estar en posesión da titulación de Licenciatura en Bioloxía ou Licenciatura en Ciencias Ambientais.
7. Contar con *formación* nos seguintes temas:
 - *Xestión ambiental municipal.
 - *Auditorías ambientais.Tamén contar con *experiencia profesional* nos seguintes campos:
 - *Implantación ou xestión dunha Axenda 21 Local.
 - *Implantación, mantemento ou seguimento dun Sistema de Xestión Ambiental.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

**Formación:* como mínimo, acreditar a participación nun curso, curso de postgrao ou máster, organizado por un organismo público ou privado, tendo neste último caso que estar homologado ou avalado por un organismo público, de duración mínima 400 horas e onde o contido trate sobre os dous temas indicados anteriormente; cando a formación en ambos temas non se poida acreditar cun único curso, entón admítase a presentación como máximo de dous cursos, cursos de postgrao ou másters, onde se traten os temas por separado, tendo que sumar como mínimo os dous cursos as 400 horas.

**Experiencia:* mínima dun ano, nos campos indicados anteriormente, téndose que ter adquirida obrigatoriamente a través dunha relación contractual laboral cunha Administración Pública e non téndose en conta a xornada de traballo.

A experiencia pode acreditarse a través dunha mesma modalidade contractual, onde se prestasen servizos en ambos campos ó mesmo tempo, ou ben xustificándoa coa presentación de máis dun contrato laboral, por non poder acreditarse a experiencia en ambos campos nun mesmo contrato, téndose que cumprirse por darse este último suposto as seguintes limitacións:

- experiencia no Sist. Xestión Ambiental: mínima de 8 meses.
- experiencia na Axenda 21 Local: mínimo de 4 meses.

Como requisito obrigatorio de acceso á praza é necesario acreditar as dúas circunstancias: experiencia e formación.

A experiencia e formación acreditada como requisito obrigatorio para acceder á praza non será obxecto de puntuación no presente procedemento de selección, salvo que a documentación acreditada ó respecto exceda do número de horas ou tempo mínimo esixido, puntuándose entón o que exceda segundo o indicado no apartado de valoración de méritos.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o seguinte sistema:

-A) concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. Esta fase será posterior á realización dos exames correspondentes á fase oposición.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

-B) oposición: consistente en dúas probas:

B.1.-Será obrigatoria, eliminatória e anónima e consistente na realización dun suposto práctico relacionado coas funcións propias a desenvolver descritas no Anexo III e enfocado ó ámbito territorial do Municipio do Barco. Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 2 horas.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos sendo necesario acadar a puntuación mínima de 10 puntos para superala e non quedar excluído/a do procedemento de selección; valorarase a profundidade de coñecementos, claridade, rigor na resolución do suposto práctico e a adecuación das conclusións.

B.2.-Obrigatoria, anónima pero non eliminatória, consistente na realización dunha tradución por escrito dun texto en idioma castelán ó galego, nun tempo máximo de 30 minutos, cualificándose de 0 a 1,50 puntos, sen que sexa necesario obter unha cualificación mínima.

Estarán exentos de realizar esta proba os/as aspirantes que acrediten posuí-lo Curso de perfeccionamento, Certificación de aptitude do Celga 4 ou equivalente, obtendo, sen necesidade de realiza-lo exame, a puntuación máxima que se pode alcanzar nesta proba.

A puntuación final da fase oposición será a suma de ambas probas.

Tal e como xa se indicou anteriormente, na fase oposición deberá garantirse, o anonimato dos/as aspirantes.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha profesional destas características para cubri-lo posto se queda vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).

entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 8 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

Se fose necesario acudir á bolsa, a modalidade contractual que se empregará para contratar dito persoal para os tres primeiros dos supostos descritos será de interinidade, polo tempo que dure a ausencia do/a traballador/a substituído/a con dereito a reserva do posto de traballo, e para o último dos supostos utilizarase o contrato de servizo determinado, respectándose en todo caso, o establecido no artigo 1 das presentes bases en canto a duración máxima do contrato.

A duración desta bolsa será ata o 18/12/2012.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de cinco días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nos diarios La Voz de Galicia e La Región, sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.
- sábados: 10:00 a 13:00 h.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, os/as interesados/as dentro do prazo, deberán remitir por fax ó concello (nº 988-327441/988-325978) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/92. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a solicitude se é recibida con posterioridade á data de terminación de prazo.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.



- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público. (Anexo II)
- Fotocopia compulsada da titulación esixida. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Acreditación de posuí-la formación e experiencia profesional requirida.
- Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa e compulsada** de cada un deles. As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a en quen delegue.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

1. Circunstancias persoais:

- Por atoparse actualmente en situación de desemprego, acreditado por medio de documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego: 0,02 puntos/mes, ata un máximo de 0,5 puntos.
Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes acreditado como desempregado (meses de 30 días).
Soamente se terá en conta o último período de desemprego.
- Por cada fillo/a menor de 26 anos ou maior discapacitado/a, a cargo do/a solicitante, que non perciban ingresos por realizar actividade retribuída, que conviva no domicilio do/a solicitante: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,30 puntos. (Acreditado mediante fotocopia compulsada do libro de familia,



declaración conforme o/a fillo/a non percibe ingreso algún e volante de empadramento da unidade familiar). No suposto de que o/a fillo/a teña discapacidade, con idade 26 ou máis anos, entón deberase acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ó 33%.

- Pola prestación de servizos voluntarios, non remunerados, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,20 puntos.

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes acreditado como servizos voluntarios (meses de 30 días), non téndose en conta a xornada do servizo.

2. Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado será de 4,00 puntos:

- Por cada mes de servizos prestados directamente no Concello do Barco, de forma remunerada, (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante contrato administrativo), relacionados estritamente con algunha das funcións propias das praza que se convoca descritas no Anexo III: 0,15 puntos/mes.
- Por cada mes de servizos prestados directamente noutras Administracións Públicas, de forma remunerada, (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante contrato administrativo), relacionados estritamente con algunha das funcións propias das praza que se convoca descritas no Anexo III: 0,10 puntos/mes.
- Por cada mes de servizos prestados na empresa privada, de forma remunerada, (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante calquera outro contrato coa empresa), relacionados estritamente con algunha das funcións propias das praza que se convoca descritas no Anexo III: 0,08 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.
- Por cada mes de servizos prestados na Administración Pública ou na empresa privada, de forma remunerada, (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea, mediante contrato administrativo ou ben mediante calquera outro contrato coa empresa), relacionados con outros temas medioambientais distintos das funcións propias da praza que se convoca: 0,07 puntos/mes, ata un máximo de 1,5 puntos.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas. Este



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

punto non será de aplicación respecto dos servizos prestados a través de contratos distintos dos laborais onde non é posible terse en conta a xornada de traballo.

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, traballo desempeñado e a xornada. No suposto de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo laboral, deberá achegarse tamén informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social; cando se xustifiquen os servizos mediante contrato administrativo ou contrato celebrado con algunha entidade privada, será necesario presentar ademais certificación conforme o servizo se terminou de prestar na data especificada no contrato ou se fora o caso, que aínda se está prestando.

3. Formación especializada:

- Pola participación en cursos de postgrao, másters, cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa con temas medioambientais, ata un máximo de 2,25 puntos, baremados do seguinte modo:
 - a- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
 - b- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
 - c- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
 - d- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
 - e- Cursos de 251 a 500 h: 0,35 puntos/curso.
 - f- Cursos de máis de 500 h: 0,50 puntos/curso.
 - g- Por xornadas, seminarios ou congresos: 0,05 puntos/xornada, seminario ou congreso.

As xornadas de duración superior a 10 horas, valoraranse como se dun curso se tratara.

Os cursos específicos que traten sobre as funcións propias da praza que se convoca, descritas no Anexo III, puntuaranse con 0,10 puntos a maiores do estipulado no presente apartado.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

Admítense tamén os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,05 puntos.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en funcións das horas asistidas.

Para xustificar a impartición de cursos, deberá presentarse, ademais do programa do curso, certificación da entidade organizadora, conforme se impartiu o curso.

4. Outros méritos:

- Polo coñecemento acreditado de informática: 0.25 puntos.

Para a acreditación deste mérito terá que aportarse certificación ou diploma (fotocopia compulsada) emitido pola entidade organizadora de ter realizado algún curso de informática.

- Por ter carné de conducir, tipo B, e dispoñibilidade de coche: 1 punto.

Para a acreditación deste mérito terá que aportarse fotocopia compulsada do carné de conducir e declaración conforme se dispón de coche para utilizalo, no suposto de que fose necesario desprazamento (Anexo IV).

5.Fase oposición: valorarase cunha puntuación máxima de 21,50 puntos.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e dos exames correspondentes á fase oposición, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un/ha funcionario/a da Corporación e suplente designado polo Presidente da Corporación.
- Secretario/a: Un funcionario do concello (sen voto), designado polo Presidente da Corporación.
- Vogais: Catro membros, titulares e suplentes designados polo Presidente da Corporación.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002 do 24 de maio. En caso contrario, no suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ó concello, entón si terá dereito a percibi-la mencionada indemnización si se solicita por escrito.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó concurso, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá o día de realización das dúas probas da fase oposición (incluída a proba de galego se fora necesario facela), que se realizarán no mesmo día.

Ós dous día hábiles (ou posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), de realiza-las probas, reunirse o tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Non se valorarán os méritos daquelas persoas que non superen a proba escrita eliminatoria, xa que quedan fóra do procedemento.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello Vello.

A cualificación final do procedemento virá determinada pola suma das puntuacións da fase concurso e da fase oposición. Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida no exame eliminatorio da fase oposición; de persisti-lo empate e pola seguinte orde, a experiencia profesional, formación especializada, circunstancias persoais e outra formación. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determina-la orde de puntuación.



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/A aspirante proposto/a presentará no rexistro do concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

*Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasa-la revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer-los recursos previstos na vixente lexislación.



*CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)*

O contrato será formalizado polo Sr. Alcalde.

O Barco de Valdeorras, 12 de xaneiro de 2010
O ALCALDE,

Asdo: Alfredo L. García Rodríguez



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/^a.....pro
visto/a de D.N.I. n^o..... con enderezo na
R/.....n^o..... piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Barco para a
contratación dun/dunha TÉCNICO/A DE MEDIO AMBIENTE.

DECLARO:

- 1^o.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2^o.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

O Barco de Valdeorras, de de 2010

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO BARCO DE
VALDEORRAS.-



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/^a.....provisto/a de D.N.I.
n^o....., con endereço na
R/.....núm.piso.....
C.P..... Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

O Barco de Valdeorras,.....de.....2010

Asdo:



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

ANEXO III

FUNCIÓNS

◆ **Propias da praza que se convoca:**

Respecto ó Sistema de Xestión Ambiental:

Executar un Plan de Supervisión da Certificación ambiental do Concello do Barco segundo a Norma ISO 14001:2004 que se ten implantada, que debe incluír polo menos o seguinte programa:

auditorías internas e revisión pola dirección, revisión das accións tomadas sobre as non conformidades identificadas durante a auditoría anterior, eficacia do sistema de xestión ambiental en relación co logro dos obxectivos acadados, progreso das actividades planificadas dirixidas á mellora continua, continuidade no control operativo e revisión de calquera cambio producido no sistema.

Respecto á Axenda 21 Local:

Avaliar a idoneidade e grao de execución das propostas incluídas no Plan de Acción do Concello do Barco mediante a execución dun Plan de Seguimento e dun Sistema de indicadores de sostibilidade.

◆ **Ademais, se fora necesario, e cando o concello o considere conveniente por razóns de servizo, o/a técnico/a tamén poderá realizar outras funcións complementarias relacionadas co medio ambiente e/ou co desenvolvemento sostible.**



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
P3201000A
PRAZA DO CONCELLO 1
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/aprovisto de DNI
nº, con domicilio na
R/.....núm..... piso.....
C.P..... Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que estou en posesión do carné de conducir en vigor, tipo B, e dispoño de coche para poder utilizalo no suposto de ser necesario desprazamento.

O Barco de Valdeorras,.....de.....2010

Asdo: